

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4

SESION EXTRAORDINARIA DE 16 DE FEBREIRO DE 2004

ASISTENTES

Ilmo. Sr. Alcalde	Guerra Fernández, Javier Jorge
Alonso Vázquez, Xulio	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María José
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Pérez Castrillo, Lois
Comesaña Abalde, Carlos	Polo Lima, María Soledad
Couto Pérez, José Manuel	Porro Martínez, María Corina
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Porteiro García, María Josefa
Fernández Davila, María Olaia	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Fernández Fernández, Amador	Sío Lourido, Belén
Figueroa Vila, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
Graña Barcia, María Luisa	Toba Girón, Xabier

NON ASISTE:

Martíns Vilanova, Margarida Rosa

No salón de sesións da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e sete minutos do día dezaseis de febreiro do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Martíns Vilanova. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

UNICO.(37). RECOÑEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS A FAVOR DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POLA REALIZACIÓN DE XORNADAS DE DISPOÑIBILIDADE DOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2003.

ANTECEDENTES.- Con data 20 de xaneiro de 2004, o xefe da Unidade de Persoal informa do que segue:

“Con data 29 de setembro de 2003, pde dispoñibilidade horaria da Policía local, para o ano 2003, significándose no acordo adoptado que este non podía ser executivo, por falta de créditos necesarios para facer fronte ó gasto derivado do programa, que sería costeado con cargo á partida orzamentaria do capítulo I de productividades.

Nos antecedentes do acordo adoptado, advertíase xa expresamente por esta Unidade de persoal e máis pola propia Intervención xeral, da necesidade de realizar unha consignación presupostaria previa á adopción do acordo, requisito legal de preceptiva observancia que foi aparentemente atendido polo órgano resolutor, ó se especificar no acordo que este non sería executivo, se ben do iter secuencial dos acontecementos posteriores se infire un claro propósito executivo do Programa de dispoñibilidade, aínda cando non houbera crédito suficiente para atender o compromiso de gasto, tal e como relataremos a continuación.

Así, e nesta orde de antecedentes, con data 13 de outubro de 2003 dase traslado do acordo adoptado á Concellería delegada de Seguridade, advertíndose dende esta Unidade de persoal que, segundo os termos da propia resolución adoptada, o acordo non era susceptible de materialización.

Nembargantes, dende a propia Concellería delegada de seguridade déronse ordes expresas para executar o acordo plenario sen existencia de crédito, creando unha aparencia de bo dereito para o funcionariado do Corpo da Policía local que se acolleu á realización das xornadas de reforzo, na crenza de que serían remuneradas nos termos e contías reflectidos no acordo de mérito, xerando con isto uns compromisos de gasto nulos, pero claramente vinculantes para esta Administración fronte aqueles funcionarios da Policía Local que cumpriron coa contraprestación persoal na que se artellaba o recíproco réxime obrigacional do programa de dispoñibilidade.

Dito isto, debemos concluir que nos atopamos ante un típico suposto de recoñecemento extraxudicial de créditos, que merece o seguinte análise legal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I) De orde substantivo.

A) NULIDADE DOS ACTOS DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DISPOÑIBILIDADE.

Se ben o acordo de dispoñibilidade, que vincula a un réxime de productividades á realización dunha serie de xornadas extraordinarias de carácter voluntario por parte do persoal da Policía local, non adolece como tal de vicio substantivo ningún, logo que, como obra no informe xurídico desta xefatura de data 18 de setembro de 2003, transcrito no acordo plenario do 25 de novembro seguinte, resulta amparado pola normativa de invocación que se transcribe no devandito informe, os actos de execución material do programa si incorren, pola contra, en causa de nulidade, ó executarse iste sen crédito suficiente para facer fronte ós compromisos de gasto derivados da súa execución.

De conformidade co disposto no artigo 154 da lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en concordancia coa norma contida no artigo 25.2 do RD 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/88, "non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ó importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades ás que haxa lugar".

Pola súa banda, o artigo 62 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo común, reputa como nulos aqueles actos, expresos ou presuntos, contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiran facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición, así como calquera outro que se estableza expresamente por unha disposición de rango legal.

B) OBRIGA DE RECOÑECEMENTO DOS CRÉDITOS NECESARIOS PARA FACER FRONTE Á EXECUCIÓN DE PROGRAMA, CON CARGO Á PARTIDA DE PRODUCTIVIDADES.

Tomando como referencia o dereito común (artigo 1902 do CC,), e trasladándoo ó réxime xurídico administrativo, non pode producirse un enriquecemento inxusto por parte da Administración fronte ás obrigas contraídas co persoal funcionario da Policía local que realizou, voluntariamente, a contraprestación recíproca en que consistía o programa de dispoñibilidade, baseado na realización dun número determinado de xornadas extraordinarias de reforzo, vinculadas a unha mellora e optimización global da prestación pública do servizo, presupostos claramente acreditados no informe da Policía local do 17.11.03, incorporado ó expediente, onde se constata un incremento do número de denuncias practicadas polos axentes, mellora da circulación, incremento do número de vehículos retirados da vía pblica, etc., obxectivos e parámetros de rendemento que debían seren recompesados con cargo ó complemento de produtividade .

Do mesmo xeito e con carácter xeral, o artigo 106.2 da CE (desenvolvido polos artigos 142 e 143 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de RXAP e PAC) dispón que os particulares terán dereito a seren indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás os casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

Se ben a antedita norma, de carácter xeral, ten por destinatario a todo particular, resulta evidente que a súa incidencia opera asemade no ámbito interno da relación estatutaria funcional, cando da actuación da Administración se puidera inferir un dano ou prexuízo cara ós seus empregados públicos, perfectamente evaluable economicamente (como é o caso), como consecuencia do anormal funcionamento do servizo público.

C) RESPONSABILIDADES.

De conformidade co disposto nos artigos 78 da LRBRL e 225.1 do ROF, en relación coa norma contida no artigo 145.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de RXAP e PAC, as corporacións locais poderán esixir (esixirán de oficio, de acordo cos artigos 145 e 146 da LRXAP e PAC) responsabilidade ós seus membros cando por dolo, culpa ou negligencia grave causaran danos e prexuízos á Corporación e a terceiros, se aqueles houberen de ser indemnizados por aquela.

No presente caso, e dada por unha banda a ambigüidade do acordo adoptado polo Pleno do Concello aprobatorio do programa de dispoñibilidade, onde se referenciaban por unha banda unha serie de partidas susceptibles de seren comprometidas no futuro para implementar a partida de productividades e poder así facer fronte ó programa de dispoñibilidade, e por outra, onde se especificaba que a súa aprobación era formal (termo equívoco que non debeu nunca seren adoptado), circunstancias que motivaron certo grao de "habilitación" á Concellería delegada de seguridade para executar o programa, non semellan concorrer os presupostos de esixencia de responsabilidade, pero quede clara a advertencia técnica manifestada neste informe, cara a futuras actuacións, das severas consecuencias legais que este tipo de actuacións poden derivarse fronte ós corporativos que adopten acordos ou realicen actos contrarios ós informes técnicos, práctica lamentablemente realizada con certa habitualidade nos últimos tempos, cando menos en materia de persoal.

II) De orde formal.

II.I) En canto á competencia: Compételle ó Pleno da Corporación, por dous motivos competenciais distintos, pero claramente concurrentes:

En primeiro lugar, porque estamos en presenza dun recoñecemento extraxudicial de créditos, ó se ter comprometido un gasto sen consignación. Neste senso, o art. 60.1 do RD 500/90, dispón que corresponderá ó Pleno do Concello o recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito ou concesións de quita e espera.

Asemade, o artigo 166.2 da Lei Reguladora das Facendas Locais, e a sensu contrario, reserva unicamente competencia á Alcaldía Presidencia para recoñecer e liquidar unicamente as obrigacións legalmente contraídas, non sendo obviamente o caso.

Por último o art. 22.1 da LRBRL, reserva ó Pleno do Concello a competencia para acordar a disposición de gastos naquelas materias que, segundo a lei Reguladora de facendas Locais, se declaren da súa competencia.

En segundo lugar, porque para facer fronte ó gasto susceptible de recoñecemento, resultará preciso implementar, nun futuro inmediato, a partida de productividades, logo que o recoñecemento destes créditos producirá unha merma considerable na presupostación actual desta partida, especialmente habida conta que o orzamento se atopa prorrogado e que dito gasto non está presupostado, orixinándose co recoñecemento do gasto unha implementación da partida inicial de productividades aprobada no seu día polo Pleno do Concello no exercicio das súas competencias exclusivas (artigo 5 do RD 861/86, do 25 de abril, sobre Réxime de retribucións dos funcionarios da administración local, e 127.h da Lei Reguladora de Bases de Réxime local).

II.II) En canto á tramitación do expediente:

Resulta preceptivo o informe da Intervención xeral, de conformidade co disposto no artigo 195 da lei de Facendas Locais, así como de conformidade coa Instrucción 1/2000, do 25 de maio, aprobada polo Pleno do concello, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos.

Asemade, deberá recabarse dictame, non vinculante, da Comisión informativa de Réxime Interior."

Polo anteriormente exposto, o xefe da Unidade de Persoal emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O técnico de Intervención, Sr. Muradás Blanco, coa conformidade da interventora xeral, con data 27 de xaneiro de 2004 emite informe que figura no expediente e no que manifesta que, para acadar a suficiencia de crédito necesaria para acoller o gasto orzamentariamente, iste imputarase ó crédito vixente na partida 1210.1500000 "Productividade".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 9 de febreiro, dictamina favorablemente a proposta citada do xefe da Unidade de Persoal.

INTERVENCIÓN DO SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Bos días. Como saberán vostedes con data 29 de setembro do pasado ano o Pleno do Concello adoptou un acordo procedendo a dar aprobación formal ó programa de dispoñibilidade do horario da Policía Local para o ano 2003.

Por non haber crédito daquela, hoxe traemos aquí, unha vez activados todos os mecanismos necesarios para a aprobación do Pleno, a seguinte proposta:

Proceder ó recoñecemento extraxudicial de créditos, con cargo á partida de Productividades, a favor do persoal da Policía local que se inclúe nas relacións remitidas pola Xefatura da Policía local, de datas 4 e 26 de decembro de 2003 e 8 de xaneiro de 2004, listados remitidos polo servizo da policía local baixo os números de expediente 11087/2003, 10412/2003, 11388/2004 e 11389/2004, segundo os importes individuais que se transcriben

nas respectivas relacións, correspondentes ás xornadas de dispoñibilidade dos meses de novembro e decembro de 2003 así coma ás horas de reforzo computables ó programa de dispoñibilidade durante os referidos meses, por un importe global de 154.914,10 euros.

Pediuse informa á Intervención Xeral e tamén á comisión informativa que na pasada sesión extraordinaria do 29 de febreiro de 2004, por maioría, propuxo ó Pleno a adopción deste acordo que veño de ler.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Proceder ó recoñecemento extraxudicial de créditos, con cargo á partida de Productividades, a favor do persoal da Policía local que se inclúe nas relacións remitidas pola Xefatura da Policía local, de datas 4 e 26 de decembro de 2003 e 8 de xaneiro de 2004, listados remitidos polo servizo da policía local baixo os números de expediente 11087/2003, 10412/2003, 11388/2004 e 11389/2004, segundo os importes individuais que se transcriben nas respectivas relacións, correspondentes ás xornadas de dispoñibilidade dos meses de novembro e decembro de 2003 así coma ás horas de reforzo computables ó programa de dispoñibilidade durante os referidos meses, por un importe global de 154.914,10 euros.

Segundo.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno local na vindeira sesión que realice.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e dezasete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

S.Extraord. 16.02.04

